



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

Anuncio

Autorizado o correspondente pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

Obra: PROXECTO DE TRAZADO E CONSTRUCCIÓN DA OBRA VAC DA COSTA NORTE. TREITO: CELEIRO-SAN CIBRADO

Termo municipal: XOVE

Clave: LU/00/063.01.4

Este servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega.

Día: 10 de setembro de 2020

Lugo, 24 de agosto de 2020.- O xefe do servizo, Gerardo Pallares Sánchez.

Expediente: X1776

Término municipal de:	XOVE
Informe de direccións dos predios expropiados con motivo das obras:	Proxecto de trazado e construción da obra VAC da costa norte.Treito: Celeiro-San Cibrao
Clave:	LU-00-063-01-4

PREDIO/S	TITULAR	ENDEREZO
199.5	CIENFUEGOS RIVAS FELIX	EDIFICIO VERXELES Nº 19 E 27850 VIVEIRO LUGO

R. 1986

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

Resolución do 21 de agosto de 2020 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Viveiro. (expediente IN407A 2020-17AT)

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construción para a instalación eléctrica que a continuación se describe:

- Solicitante: Barras Eléctricas Galaico-Asturianas S.A.
- Domicilio Social: Polígono empresarial As Gándaras- parcela U2-rúa Aller Ulloa, Ramón María, n.º 9, 27003 Lugo.
- Denominación: "REFORMA Y AUTOMATIZACIÓN DEL CT 133 H. ALEMANA"

- Situación: concello de Viveiro

- Características técnicas:

Reforma do CT 133 H. Alemana, consistente na obra civil necesaria para acondicionar o local e instalar unha potencia máxima admisible de 800kVA e na obra eléctrica que se describe:

- Instalación de catro novas celas de SF6 telemandadas, dúas de liña e dúas de protección.
- Substitución dos trafos existentes por dous de 400kVAS.
- Instalación de dous novos cadros de baixa tensión e a ampliación dun deles.
- Instalación de novas pontes de AT e BT.
- Modificación do circuíto de alumado, emerxencia e terras.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 24/2013, do 26 de decembro, (BOE núm. 310) do sector eléctrico e no título VII, capítulo II do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, no Real Decreto 337/2014, de 9 de maio, polo que se aproba o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias e na Resolución de 19 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción (D.O.G. núm. 54 de 19 de marzo), así como na Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, esta xefatura territorial, de acordo cas competencias que resultan dos Decretos 135/2017 do 28 de decembro, polo que se crea e establece a estrutura orgánica da consellería, y tendo en conta o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve**:

Conceder a autorización administrativa previa e de construción a ditas instalacións, cuxas características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran no seu proxecto e as condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente, independentemente das autorizacións, licencias ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía, Emprego e Industria no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Lugo, 21 de agosto de 2020.- A Xefa Territorial, P.A. O Xefe do Servizo de Administración Industrial, (Artigos 62.3 e 63.1 Decreto 135/2017, do 28 de Decembro), Álvaro Rodríguez Vázquez.

R. 1987

Anuncio

Resolución do 20 de agosto de 2020 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Viveiro. (expediente IN407A 2020-25AT)

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construción para a instalación eléctrica que a continuación se describe:

- Solicitante: Barras Eléctricas Galaico-Asturianas S.A.

- Domicilio Social: Polígono empresarial As Gándaras- parcela U2-rúa Aller Ulloa, Ramón María, n.º 9, 27003 Lugo.

- Denominación: "REFORMA Y AUTOMATIZACIÓN DEL CT OFICINAS BEGASA (CD 12776)"

- Situación: concello de Viveiro

- Características técnicas:

Reforma do CT oficinas Begasa (12776), consistente na obra civil necesaria para acondicionar o local e instalar unha potencia máxima admisible de 1130kVA e na obra eléctrica que se describe:

- Instalación de seis novas celas de SF6 telemandadas, tres de liña e tres de protección.

- Instalación de novas pontes de AT, entre as celas proxectadas e os transformadores.
- Modificación do circuíto de alumado, emerxencia e terras.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 24/2013, do 26 de decembro, (BOE núm. 310) do sector eléctrico e no título VII, capítulo II do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, no Real Decreto 337/2014, de 9 de maio, polo que se aproba o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias e na Resolución de 19 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción (D.O.G. núm. 54 de 19 de marzo), así como na Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, esta xefatura territorial, de acordo cas competencias que resultan dos Decretos 135/2017 do 28 de decembro, polo que se crea e establece a estrutura orgánica da consellería, y tendo en conta o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve**:

Conceder a autorización administrativa previa e de construción a ditas instalacións, cuxas características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran no seu proxecto e as condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente, independentemente das autorizacións, licencias ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía, Emprego e Industria no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Lugo, 20 de agosto de 2020.- A Xefa Territorial, P.A. O Xefe do Servizo de Administración Industrial, (Artigos 62.3 e 63.1 Decreto 135/2017, do 28 de Decembro), Álvaro Rodríguez Vázquez.

R. 1988

CONCELLOS

BARREIROS

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA ORZAMENTO MUNICIPAL 2020

Os efectos do disposto no artigo 161.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de Marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, faise público para xeral coñecemento, que esta Corporación, en sesión plenaria celebrada o día 27 de xullo de 2020, adoptou o acordo inicial de aprobación do orzamento para o exercicio 2020, e trascorrido o prazo de exposición pública, sin que se presentasen reclamacións contra o mesmo, considerase definitivamente aprobado.

O importe do mesmo, resumido por capítulos é o seguinte:

GASTOS

CAPITULO	IMPORTE
I: Gastos de Personal	1.637.397,35
II: Gastos en Bienes Corrientes y Servicios	1.656.895,16
III: Gastos Financieros	17.000
IV: Transferencias Corrientes	32.290
VI: Inversiones Reales	195.590,49
VII: Transferencias de Capital	
VIII: Activos Financieros	

IX: Pasivos Financieros	347.123
TOTAL	3.886.296

INGRESOS

CAPITULO	IMPORTE
I: Impuestos Directos	1.465.800
II: Impuestos Indirectos	75.000
III: Tasas y Otros Ingresos	1.055.800
IV: Transferencias Corrientes	1.283.096
V: Ingresos Patrimoniales	6.600
VI: Enajenación de Inversiones Reales	
VII: Transferencias de Capital	
VIII: Activos Financieros	
IX: Pasivos Financieros	
TOTAL	3.886.296

Asimesmo faise público o cadro de persoal do Concello:

A) Funcionarios de carreira:

DENOMINACIÓN PRAZA	Nº PRAZAS	GR	SIT.	POSTOS EXISTENTES	
1	Escala de Habilitación Estatal				
1.1	Subescala Secretaría-Intervención	1	A1/A2	O	- Secretaria-Inverventora
2	Escala de Administración Xeral				
2.1	Subescala Administrativa	3	C1	1O2V	- Administrativo
2.2	Subescala Auxiliar	4	C2	4V	- Auxiliar
3	Escala de Administración Especial				
3.1	Subescala Técnica.				
3.1.1	Técnicos Superiores:	2	A1	1O 1V	- Arquitecto/a - Axente Desenvolvemento Local
3.1.2	Técnicos Medios:	4	A2	V	- Enxeñeiro Téc. Agrícola - Diplomado/a Escola Infantil (2 postos) - Educador/a familiar/Traballador/a social
3.1.3	Técnicos Auxiliares:	3	C1	V	Técnico Especialista Escola Infantil (3 postos)
3.2	Subescala de Servizos Especiais.				
3.2.3	Prazas de cometidos especiais:				
3.2.3.1	Técnico/a Cultura	1	A2	V	Animador sociocultural
3.2.d	Persoal de oficios:				
3.2.d.3	Oficial	1	C2	V	Oficial Servizos Múltiples-Fontaneiro

3.2.d.5	Operario	1	AP	V	Operario de Servizos Múltiples
---------	----------	---	----	---	--------------------------------

B) Persoal Laboral Fixo:

DENOMINACIÓN PRAZA	Nº PRAZAS	GR	SIT	POSTOS EXISTENTES
Técnico Informático	1	B	V	Técnico Informático
Auxiliar de Cultura	1	C2	V	Auxiliar de Cultura
Capataz de Incendios	1	C2	V	Capataz Forestal
Oficial	12	C2	V	Oficial Serv. Múltiples
Cociñeiro/a	1	C2	V	Cociñeiro/a
Auxiliar Puericultura	1	AP	V	Auxiliar Puericultura
Auxiliar Axuda no Fogar	6	AP	V	Auxiliar Axuda Fogar
Operario Especializado	1	AP	V	Operario Especializado
Operario	2	AP	V	Operario
Conserxe	1	AP	V	Conserxe Colexio
Limpador/a	2	AP	V	Limpador/a Colexio (2 postos)

Barreiros, 28 de agosto de 2020.- A Alcaldesa, Ana Belen Ermida Igrexas.

R. 1990

FOZ

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DAS BASES DAS AXUDAS A FAMILIAS DO CONCELLO DE FOZ CON ESCASOS RECURSOS

Ao non terse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario inicial aprobatorio da modificación da ordenanza reguladora das bases das axudas a familias do Concello de Foz con escasos recursos, adoptado polo Pleno da Corporación en sesión de 25 de xuño de 2020, cuxo texto íntegro faise público para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DAS BASES DAS AXUDAS A FAMILIAS DO CONCELLO DE FOZ CON ESCASOS RECURSOS

O Concello de Foz asume as competencias que establecen o artigo 25.2.k) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais da Comunidade Autónoma de Galicia, ademais de Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Por iso, establece a normativa que recolle a regulación básica das prestacións para emerxencias sociais, destinadas a persoas que estean en situacións carenciais.

Artigo 1º.- O concepto das axudas a familias con escasos recursos do Concello de Foz.

As axudas para emerxencias sociais son a disposicións pecuniarias que cumpran os requisitos que sinala o artigo 2.1 da Lei xeral de subvencións e que realice o Concello de Foz a favor de persoas físicas para paliar situacións carenciais transitorias e imprevistas ou excepcionais, así como para previr o seu agravamento.

Estas axudas serán compatibles con calquera outras para a mesma finalidade que podan conceder outras Administracións Públicas ou privadas, non obstante, de acordo co disposto no artigo 19 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o importe das mesmas en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras, supere o custo da actividade subvencionada.

As axudas reguladas nas presentes bases so se concederán ata os límites consignados en cada momento na partida 231.48901 dos correspondentes Orzamentos Xerais Municipais de cada exercicio, e en ningún caso a axuda concedida será superior ao gasto efectivamente realizado, xustificando e/ou orzamentado pola unidade familiar solicitante.

Artigo 2º.- O ámbito subxectivo de aplicación (beneficiarios).

1.-A presente normativa regula a xestión das axudas para emerxencia social que lle conceda o Concello de Foz ás persoas físicas que cumpran os seguintes requisitos:

- Ter a residencia estable acreditada no Concello de Foz con cando menos 6 meses de anterioridade á presentación da solicitude da axuda.
- Ser maior de idade ou menor emancipado con cargas familiares.
- Non dispoñer de ingresos suficientes para afrontar os gastos derivados da situación de emerxencia (Ingresos non superiores ao 125% do importe do subsidio básico máis o complemento familiar de RISGA que lle correspondería). Adxuntamos táboa dos límites de ingresos no artigo 5º.

2.-Posibles beneficiarios das axudas de emerxencia social.

Poderán beneficiarse destas axudas as persoas físicas que cumpran os requisitos indicados no punto anterior aos efectos desta ordenanza, enténdese como unidade familiar o núcleo de convivencia que estea composto por dúas ou máis persoas vinculadas por matrimonio ou por outra forma de relación estable análoga á conxugal, por parentesco de consanguinidade ata o segundo grao e por afinidade ata o terceiro grao.

No caso de que o Concello lle conceda a axuda á unidade familiar, os seus membros integrantes non poderán beneficiarse de axudas de emerxencia social consideradas individualmente. No caso de que queiran optar individualmente a estas axudas, deberán formular por escrito a declaración de exclusión da unidade familiar.

3.-Documentación.

- Solicitude.
- Copia DNI/NIE do solicitante e membros da unidade de convivencia obrigados a obtelo.
- Libro de familia, se é o caso.
- Copia do recibo do imposto sobre bens inmobles de natureza urbana no caso de dispor de vivenda propia.
- Certificado de discapacidade no caso de que o/a solicitante ou calquera dos membros da unidade familiar teña a condición de persoa con discapacidade.
- Xustificación documental que proceda no caso de ser titular de bens e dereitos distintos dos mencionados.
- Orzamento formal dos gastos para os que se solicita a axuda, así como os xustificantes formais das débedas contraídas, recibos luz, auga, gas, aluguer
- Acreditación de ingresos de todos/as os/as convivintes(nóminas, IRPF, axudas INEM, Seguridade Social, etc.).

Documentación mínima que debe aportar o Concello:

- Certificación empadramento e convivencia da persoa solicitante.
- Certificación de titularidade de vehículos inscritos no correspondente padrón respecto a tódolos membros maiores de idade de unidade de convivencia.
- Informe social dos/as técnicos de servizos sociais que complementarán a información da documentación aportada reflectindo a súa veracidade.

Artigo 3º.-A finalidade das axudas (ámbito obxectivo).

As axudas previstas na presente ordenanza teñen como finalidade paliar situacións carenciais transitorias e imprevistas ou excepcionais, así como prever o seu agravamento. En particular, estas axudas tenderán a cubrir o financiamento total ou parcial dos gastos derivados das seguintes actuacións:

- Situacións de ingresos insuficientes, que provocan unha situación temporal de insuficiencia de recursos económicos para cubrir as necesidades primarias.
- Situacións de necesidade provocadas por catástrofes, epidemias, intoxicacións e outras análogas de carácter excepcional que provoquen dificultades para satisfacer as necesidades primarias.

Artigo 4º.-As clases e as contías máximas das axudas.

A)Dentro dos termos do artigo anterior establécense as seguintes clases de axudas:

- Manutención:** Enténdese incluído dentro do concepto de manutención o leite maternizado. Límite anual: 600 € por unidade familiar.
- Medicación:** Enténdese incluído dentro deste concepto o material oftalmolóxico e bucodental. Límite anual: 600 € por unidade familiar.

-Gastos de vivenda: Tratarase fundamentalmente de gastos de aluguer (sempre e cando non sobrepen os 3 meses de débeda) así como de reparacións que se consideren básicas para o desenvolvemento mínimo da vida familiar, segundo podan apreciar os Servizos Sociais municipais. Límite anual: 600 € por unidade familiar.

-Non pagamento de subministracións (enerxía eléctrica, auga, gas): Límite anual: 600 € por unidade familiar.

-Gastos de transporte para asistir a tratamentos de rehabilitación de toxicomanías: Límite anual: 600 € por unidade familiar.

-Becas para material escolar: Contía máxima anual por unidade familiar. Neste caso o destinatario deste material escolar deberá cursar estudos de ensino obrigatorio, incluída educación infantil e ciclos formativos para rapaces maiores de 16 anos en centros radicados en Foz, excepto neste último caso, debido a que no noso Concello non se imparten tódolos ciclos formativos. Límite anual: 600 € por unidade familiar.

-Comedor escolar: Para a concesión desta axuda teranse en conta ademais dos requisitos xenéricos recollidos nesta ordenanza os seguintes:

So se concederá para comedores escolares de colexios públicos.

Con carácter previo será requisito necesario facer o posible para o traslado dos escolares a centros públicos que conten con servizo de comedor gratuito.

So se concederá esta axuda cando sexa preciso para logra a conciliación da vida laboral e familiar apreciada polos Servizos Sociais municipais.

As potenciais axudas por este concepto serán estudadas de xeito independente ás demais e resoltas favorablemente cando, aínda incumprindo os límites do artigo cinco destas bases, a criterio dos Servizos Sociais municipais existan características/condicións que así o aconsellen (imprescindible para conciliación de vida laboral e familiar ...). Límite anual: 600 € por unidade familiar.

-Violencia de xénero: Aloxamento de urxencia, manutención e gastos de desprazamento en casos de violencia de xénero ata que se faga cargo o servizo correspondente da Comunidade Autónoma cun límite revisable de 5 días, que poderá aumentarse en casos excepcionais tras a apreciación dos Servizos Sociais municipais. Límite anual: 600 € por unidade familiar.

No caso de que a axuda social se conceda a unha persoa física, para os únicos efectos de determinar as contías concretas segundo o artigo seguinte, o Concello entenderá que a persoa física beneficiaria constitúe unha unidade familiar integrada por un único membro.

A cantidade global percibida por todos os conceptos anteriores ou por un só, pero excluindo os restantes, de ser o caso, non poderá superar no cómputo anual os 600 euros. Tódolos pagos serán aboados, na medida do posible, directamente á persoa á que se lle adebeda o diñeiro, arrendador vivenda, farmacia, librería, director centro educativo..., excepto no caso de axudas para a manutención que se concederán en forma de cestas de compra axeitadas ás necesidades familiares.

B) O Concello poderá conceder a axuda se hai unha situación de emerxencia social que faga preciso un tipo de solución distinta das incluídas no apartado anterior deste artigo, sempre que concorran as circunstancias do artigo 3 desta ordenanza, e sempre que a persoa que solicita a axuda xustifique a necesidade mediante un informe do Departamento de Servizos Sociais. A contía máxima da axuda será aquela que corresponda á sinalada no apartado anterior coa que teña maior similitude, ou aquela que razoablemente e dentro dos límites anteriores se determine polos Servizos Sociais municipais.

Artigo 5º.- Límite de ingresos por unidade familiar.

O límite de ingresos establecido para que cada unidade familiar, en función do seu número de membros, poida acceder á solicitude destas axudas de axuda social municipal, é o establecido pola Xunta de Galicia para as respectivas solicitudes de emerxencia social da Comunidade Autónoma.

Os límites son os seguintes:

Nº CONVIVENTES	RISCA	EMERXENCIA SOCIAL
1	399,38	499,23
2	399,38 + 63,90= 463,28	579,10
3	399,38 + 117,15= 516,53	645,66
4	399,38 + 159,75= 559,13	698,91
5	399,38 + 202,35= 601,73	752,16
6	399,38 + 244,95= 644,33	805,41

7	$399,38 + 287,55 = 686,93$	858,66
8	$399,38 + 330,15 = 729,53$	911,91
9	$399,38 + 372,75 = 772,13$	965,16
10	$399,38 + 415,35 = 814,73$	1018,41
11	$399,38 + 457,95 = 857,33$	1071,77

Artigo 6º.- O cómputo dos ingresos.

Para os efectos do previsto no artigo 5, o cómputo dos ingresos das posibles persoas beneficiarias da axuda de axuda social, o Concello terá en conta en principio a base imponible da derradeira declaración do IRPF, minorado no mínimo persoal e familiar do imposto. No caso de que a persoa que solicita a axuda non estea obrigada a presentar a declaración do IRPF, ou ben desta se desprenda que non pon claramente de manifesto os ingresos que percibe o beneficiario, acreditará os ingresos anuais a través, das certificacións de non obrigatoriedade de declaración de IRPF onde consten os ingresos percibidos, das nóminas, dos certificados do INEM, dos certificados da Seguridade Social sobre a vida laboral ou das percepcións de subvencións, das certificacións de xuros bancarios ou dos derradeiros movementos bancarios, e/ou de calquera outra forma que o Concello considere necesaria para acreditar os ingresos.

O Concello de Foz investigará e inspeccionará de xeito rigoroso a veracidade dos datos económicos achegados/declarados polos solicitantes, así como a ocultación ou falsidade de calquera outras fontes de ingresos non declaradas (rendas, xuros, ...), e a tal efecto constituirá unha Comisión de Seguimento da que formará parte o Concelleiro de Servizos Sociais, así como persoal técnico do propio departamento, entre outros, que decida conforme a súa competencia o Sr. Alcalde Presidente.

Artigo 7º.- As obrigas dos beneficiarios.

As persoas beneficiarias das axudas de emerxencia social que outorgue o Concello de Foz quedarán sometidas ás obrigas xerais reguladas no artigo 14 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, especialmente a xustificación que se someterá ao disposto nas Bases de Execución dos Orzamentos Xerais sobre a materia e as que poida recoller a Ordenanza Xeral de Subvencións que aprobe no seu caso o Concello de Foz, de xeito que como mínimo deberá presentarse a seguinte documentación xustificativa nun prazo de un mes dende o aboamento da axuda:

- Declaración xurada de ter cumprido a finalidade para a que se concedeu a axuda.
- Declaración de non ter recibido no mesmo exercicio axudas para o mesmo fin, e en caso de telas recibido enumerar as concedidas e importe das mesmas de calquera Administración ou Ente Público ou privado.
- Orixinais ou copias cotexadas das facturas e recibos de pago correspondentes ao gasto realizado, así como xustificante de terse realizado o pagamento destas.
- Declaración xurada de ter xustificado calquera outra axuda ou subvención de calquera tipoloxía que fose concedida con anterioridade polo Concello de Foz.
- Calquera outra que se estableza para cada caso concreto no correspondente acordo de concesión de axudas.

Os beneficiarios das axudas estarán tamén obrigados ao cumprimento das seguintes condicións específicas:

- Ao cumprimento das condicións que o Concello poida establecer no acordo da concesión da axuda e que vaian destinadas a que poidan superar a situación de emerxencia social que motivou a concesión da subvención.
- Á escolarización dos menores que se atopen en idade de ensino obrigatorio.

Artigo 8º.- O reintegro das axudas.

Procederá o reintegro das cantidades obtidas nos seguintes casos:

- a) A obtención da axuda sen reunir os requisitos esixidos para a súa concesión.
- b) Cando incumpran o deber de xustificación do emprego dos fondos recibidos.
- c) Cando incumpran a finalidade da axuda ou as condicións impostas na súa concesión.

O reintegro rexeráse polas disposicións xerais sobre procedemento administrativo contidas no título VI da Lei 30/1992, de 26 de novembro, e polo artigo 41 e seguintes da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, e levará consigo a esixencia do xuro de mora vixente desde o pago da axuda económica. A resolución do procedemento de reintegro porá fin á vía administrativa.

Artigo 9º.- A tramitación.

A tramitación das axudas de emerxencia social axustarase ao seguinte procedemento:

INICIO: O procedemento iniciarase mediante unha solicitude do interesado en obter a axuda de emerxencia social. O interesado dirixirá a solicitude ao alcalde do Concello de Foz. Coa solicitude achegará a documentación que acredite a situación de carencia.

INSTRUCCIÓN: O alcalde trasladará a solicitude ao departamento de Servizos Sociais. O técnico/a dese departamento emitirá o correspondente informe-proposta, no que valorará debidamente a situación que o interesado acreditou documentalmente. Ademais no informe o técnico ou a técnica do departamento de Servizos Sociais cuantificará inicialmente o importe da axuda.

Unha vez que estea completo o expediente, o departamento de Servizos Sociais remitirallo ao Interventor municipal para a súa fiscalización previa.

RESOLUCIÓN: Logo de que o Interventor municipal realice a fiscalización previa, remitiralle o expediente ao Sr. Alcalde (ou ao órgano que nese momento teña delegada a competencia segundo a Ordenanza Xeral de Subvencións ou as Bases de Execución dos Orzamentos Xerais), para que dite a correspondente resolución administrativa.

PAGAMENTO: Dadas as súas características e finalidade, poderá con carácter xeral facerse o pagamento das axudas reguladas nas presentes bases con carácter previo á xustificación, tendo a consideración o importe entregado de anticipo a conta da xustificación final, de xeito que en caso de que o beneficiario non presentase esta, será requirido para o reintegro dos fondos entregados, que se considerarán ingresos de dereito público, podendo esixirse de ser necesario pola vía do constringimento, con independencia das responsabilidades a que houbera lugar. O pagamento poderá realizarse directamente ao propio beneficiario ou ao seu representante legal, ou ben cando se considere preciso para alcanzar a finalidade da axuda e así se recolla no acordo concreto de concesión, indirectamente á institución, centro ou persoa que preste o servizo ou actividade a cuxa satisfacción se destina a axuda, de acordo co recollido no artigo 4 da presente ordenanza.

Disposición transitoria primeira.

Durante os exercicios 2020 e 2021, e debido ás perniciosas repercusións provocadas pola crise sanitaria do COVID-19, o límite anual máximo por unidade familiar en todas as clases de axudas contidas nel, será de 1000 €.

Disposición transitoria segunda.

Todas aquelas familias que durante o exercicio 2020 teñan obtido unha axuda das definidas na presente ordenanza por importe de ata 600 €, poderán solicitar, se as súas circunstancias adversas persisten, novas axudas de tal xeito que o seu importe total a obter no ano 2020 non supere o límite de 1000 € contido na Disposición transitoria primeira.

Disposición final.

De conformidade co que dispón o artigo 70.2 da Lei 7/85, reguladora das bases do réxime local, esta ordenanza entrará en vigor unha vez que o Concello publique o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e logo de que transcorra o prazo de quince días hábiles ao que se refire o artigo 65.2 des Lei.

Contra o referido acordo definitivo poderá interpoñerse recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Foz, 31 de agosto de 2020.- O Alcalde.- Francisco Cajoto Caserío.

R. 1992

FRIOL
Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día trinta e un de agosto do corrente, prestouse aprobación inicial ao seguinte padróns correspondentes ao segundo trimestre do ano 2020:

- Padrón da taxa polo abastecemento de auga e I.V.E sobre o seu consumo (incluído o canon da auga).
- Padrón da taxa pola recollida do lixo.
- Padrón da taxa polo tratamento e eliminación de residuos.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente, ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago das taxas e canon, indicados previamente, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no vixente Regulamento Xeral de Recadación e, no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, o comprendido entre o dezaseis de outubro e o dezaseis de decembro de dous mil vinte, ambos inclusive.

Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, o día dous de novembro de dous mil vinte, data na que deberán ter saldo suficiente.

O resto dos contribuíntes deberán acudir ás Oficinas Municipais, donde se lles facilitarán os correspondentes recibos para efectuar dito pago.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de apremio; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

No caso do canon da auga, según dispón o artigo 49.7 do Decreto 136/2012, de 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento de dito canon, cando polos contribuíntes afectados non se fixera efectivo o canon da auga no período voluntario sinalado, esixírase directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, faise saber que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación mediante o padrón.

Friol, 31 de agosto de 2020.- O ALCALDE, José Ángel Santos Sánchez.

R. 1993

LUGO

Anuncio

BANDO ALCALDÍA

PRORROGA DA MEDIDA DE AMPLIACIÓN MEDIANTE BANDO DE ESTA ALCALDÍA DE DATA 20/05/2020 PUBLICADO NO BOP o 22/05/2020

Con vistas a paliar os danos ocasionados pola Covid 19, no sector da hostalería e co fin de dinamizar a economía da cidade

Adoptáronse determinadas medidas para favorecer a actividade ordinaria dos establecementos de hostalería da cidade de Lugo, en relación coa instalación de terrazas por parte dos mesmos.

Dita medida tiña unha vixencia ata o 31/08/2020

Visto que en gran medida subsiste a necesidade de contribuir a mitigar no máximo posible as consecuencias derivadas da crise sanitaria que todavía se están a apreciar hoxe en día, acordase prorrogar a vixencia das medidas naquel intre dispostas ata as 00.00 do 02/11/2020

Lugo, 1 de setembro de 2020.- A Alcaldesa, Lara Méndez López.

R. 2011

RIBADEO

Anuncio

RESOLUCIÓN DA ALCALDIA-PRESIDENCIA.-

Visto expediente instruído para provisión dun posto de traballo de funcionario Técnico de Medio Ambiente.

Resultando, que por resolución da Alcaldía de 8 de agosto de 2020 se prestou aprobación á lista provisional de admitidos e excluídos, que foi exposta no tablón de anuncios do Concello e mais na sede electrónica da web municipal www.ribadeo.gal así como no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 186 de data 14 de agosto de 2020 sen que se formulase ningunha reclamación.

Visto canto antecede, esta Alcaldía de conformidade co disposto nas bases para o proceso selectivo de referencia, Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e demais normativa de pertinente aplicación,

RESOLVE

- 1.- Elevar a listaxe de admitidos-excluídos de referencia a definitiva.
- 2.- Fixar o órgano de selección para este proceso selectivo que quedará composto do seguinte xeito:

Presidente: Titular D. Francisco M. Moreda Gil, Arquitecto municipal do Concello de Ribadeo.

Suplente: D^a Mónica Barcia Paredes, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Ribadeo.

Vogais:

Titular: D. Carlos Longarela Sanfiz, Arquitecto municipal da ARI do Concello de Ribadeo.

Suplente: D^a Amelia Gutiérrez López, Técnica en xestión medio ambiental do Concello de Lugo.

Titular: D. Pablo Ramil Rego, Doutor en Bioloxía, Profesor titular da Escola Politécnica Superior da USC (Campus de Lugo), Director do IBADER da USC.

Suplente: D^a Carmen Flores Pardo, Técnica de Administración Xeral, Letrada da Asesoría Xurídica do Concello de Lugo.

Titular: D^a Patricia Vázquez Mille, xefa do servizo Provincial de Urbanismo da Delegación Territorial de Lugo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Suplente: D. Carlos Vázquez Díaz, Biólogo da Delegación Territorial de Lugo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, xefe do Servizo de Patrimonio Natural de Lugo. Coxestor da Reserva da Biosfera do Ríoa Eo, Ocos e Terras de Burón.

Secretario con voz e sen voto:

Titular: D. José A. Carro Asorey, Secretario Xeral en acumulación deste Concello de Ribadeo.

Suplente: D. José Rodil Veiga, Técnico de Administración Xeral, Secretario en funcións do Concello de Ribadeo.

Os membros do Tribunal están suxeitos ao réxime de recusación/abstención previsto nos artigos 23 e 24 da vixente Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

3.- Fixar como data e hora para o inicio do proceso selectivo e comezo do primeiro exercicio o próximo día **17 de setembro de 2020 a partir das 10,30 horas na Casa do Concello de Ribadeo. O Órgano de selección constituirase a partir das 10,00 horas.**

4.- Publicar anuncio con esta Resolución no taboleiro de anuncios do Concello, sede electrónica da web municipal www.ribadeo.gal e BOP de Lugo aos efectos legais procedentes.

Mando e asino o Sr. Alcalde, en Ribadeo a data sinatura electrónica, do que eu Secretario dou fe.

Ribadeo, 1 de setembro de 2020.- O ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA. SECRETARIO EN FUNCIONS, JOSÉ RODIL VEIGA.

R. 2008

TABOADA

Anuncio

AMPLIACIÓN DE PRAZOS PADRÓNS APROBADOS EN 2020.

Por Decreto de Alcaldía de data 31.08.2020 acordouse :

PRIMEIRO: Establecer como período para o seu abono en voluntaria o período comprendido dende o día 14.08.2020 ao 18.08.2020, ambos os dous incluídos; rematado o mesmo procederase o seu cobro en vía de constrinximento percibíndose a recarga e os xuros de mora correspondentes para a taxa de LIXO 2019 2 SEMESTRE.

SEGUNDO: Establecer como período para o seu abono en voluntaria o período comprendido dende o día 14.09.2020 ao 26.10.2020, ambos os dous incluídos; rematado o mesmo procederase o seu cobro en vía de constrinximento percibíndose a recarga e os xuros de mora correspondentes para a taxa de "ABASTECIMIENTO

DE AUGA, ACOMETIDAS E TRASPASOS DE TITULARIDADE” E DE “SUMIDOIROS”” CORRESPONDENTES AO 4º TRIMESTRE DO 2019.

Taboada, 31 de agosto de 2020.- O ALCALDE, Ramiro Moure Ansoar.

R. 1994

Anuncio

EXPOSICIÓN PÚBLICA DA APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE 2020.

Aprobado inicialmente en sesión extraordinaria de Pleno deste Concello, de data 16 de xuño de 2020, a modificación das Bases de Execución do orzamento de 2020, e publicado anuncio de exposición ao público no BOP de Lugo nº de data 4 de xullo de 2020 e non habendo reclamacións de conformidade co acordo adoptado a modificación considerárase definitivamente aprobada,

Taboada, 31 de agosto de 2020.- O ALCALDE, Ramiro Moure Ansoar.

R. 1995

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE LUGO

O Pleno deste Concello, en sesión *ordinaria* celebrada o día 25.08.2020, acordou a aprobación inicial do expediente de transferencia de créditos entre aplicacións de gastos de distinta área de gasto que non afectan a baixas e altas de créditos de persoal.

Aprobado inicialmente o expediente de transferencia de créditos entre aplicacións de gastos de distinta área de gasto que non afectan a baixas e altas de créditos de persoal, por Acordo do Pleno de data 25 de agosto de 2020, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 179.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese a información pública polo prazo de quince días, a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio neste Boletín Oficial da Provincia.

Se transcorrido devandito prazo non se presentaron alegacións, considerárase aprobado definitivamente devandito Acordo.

Taboada, 31 de agosto de 2020.- O ALCALDE, Ramiro Moure Ansoar.

R. 1996

Anuncio

EXPOSICIÓN PÚBLICA DA MODIFICACIÓN BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE 2020.

Aprobado inicialmente en sesión extraordinaria de Pleno deste Concello, de data 25 de agosto de 2020, a modificación das Bases de Execución do orzamento de 2020, de acordo ao previsto no artigo 169 do Texto Refundido da lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, exponse ao público o expediente e a documentación preceptiva por prazo de quince días desde a publicación deste anuncio, aos efectos de reclamacións e alegacións.

De conformidade co acordo adoptado a modificación considerárase definitivamente aprobada, se durante o citado prazo non son presentadas reclamacións.

Taboada, 31 de agosto de 2020.- O ALCALDE, Ramiro Moure Ansoar.

R. 1997

MINISTERIO DE FACENDA**BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) – DEPUTACION DE LUGO***Anuncio*

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO EN SESION CELEBRADA O 21 DE AGOSTO DE 2020 POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DE SUBVENCIONS DESTINADAS A INVESTIMENTOS EN INSTALACIONES DE CARÁCTER CULTURAL E PARA EQUIPAMENTOS CULTURAIS REALIZADOS POR ASOCIACIONES CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO NA ANUALIDADE 2020.

SUBVENCIONS DESTINADAS A INVESTIMENTOS EN INSTALACIONES DE CARÁCTER CULTURAL E PARA EQUIPAMENTOS CULTURAIS REALIZADOS POR ASOCIACIONES CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO NA ANUALIDADE 2020.

BDNS (Identif):

De conformidade co previsto nos artigos 17.3b e 20.8ª da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencions publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pódese consultar na Base de Datos Nacional de Subvencions <https://www.pap.hacienda.gob.es/bdnstrans/ge/es/convocatorias>

Primeiro.- Beneficiarios:

En xeral, poderán solicitar subvencions ao amparo desta convocatoria as entidades culturais ou asociacións (os estatutos deberán recoller eses fins expresamente) legalmente constituídas da provincia de Lugo (enténdase con sede ou delegación social na provincia), adaptadas á normativa vixente, que carezan de finalidade de lucro, que desenvolvan a súa actividade no ámbito territorial da provincia, que os beneficiarios formen parte do conxunto demográfico lucense e sempre que as accións que desenvolvan cumpran o obxecto íntegro destas bases.

Segundo.- Obxecto:

Constitúe o obxecto desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable para a concesión de subvencions en réxime de concorrencia competitiva, destinadas aos investimentos para a mellora, o acondicionamento e a reforma de instalacións de carácter cultural da súa titularidade, alugadas ou cedidas legalmente para o uso cultural por parte das asociacións culturais sen ánimo de lucro da provincia de Lugo que, executados durante o ano 2020, afecten directamente ao desenvolvemento da promoción cultural provincial destes colectivos culturais.

Para estes efectos considéranse subvencionables aqueles investimentos realizados que garden relación directa cos espazos dedicados á promoción cultural e ás edificacións auxiliares (en propiedade, alugadas ou cedidas legalmente) que puidesen estar vinculadas con aqueles e, con especial incidencia, sobre as accións que tendan a mellorar a calidade de todas as accións e manifestacións culturais.

Tamén son obxecto de subvención a adquisición de todo tipo de equipamento de carácter cultural inventariable por parte das asociacións culturais sen ánimo de lucro da provincia de Lugo para dotar ás súas instalacións culturais (en propiedade, alugadas o cedidas legalmente) co obxecto de que poidan desenvolver as súas actividades culturais nas mellores condicións e cos medios materiais adecuados (técnicos e artísticos).

Terceiro.- Bases reguladoras

A Ordenanza Xeral de Subvencions da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección: <http://www.deputacionlugo.gal/gl/a-deputacion/normativas-e-ordenanzas>

Convocatoria de subvencions en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a investimentos en instalacións de carácter cultural e para equipamentos culturais realizados por asociacións culturais da provincia de Lugo, anualidade 2020, en: <http://cultura.deputacionlugo.gal/programasesubvencions>

Cuarto.- Contía e importe mínimo e máximo

Contía: 100.000,00 €.

Importe mínimo e máximo estará comprendido no intervalo establecido na seguinte táboa para cada finalidade:

FINALIDADE	IMPORTE MÍNIMO	IMPORTE MÁXIMO
<input type="checkbox"/> Investimentos en instalacións de carácter cultural: reformas, ampliación e/ou mellora de inmobles da súa titularidade, alugados ou cedidos legalmente á entidade cultural solicitante.	600 €	3.000 €

<input type="checkbox"/> Investimentos para a adquisición de equipamentos: Equipamentos, moblaxe e materiais de uso técnico (equipos para procesos da información) e artístico vinculados ao desenvolvemento da programación das actividades da entidade, e sempre que se trate de investimentos para dotar ás súas instalacións culturais (da súa titularidade, alugados ou cedidos legalmente), co obxecto de que poidan desenvolver as súas actividades culturais nas mellores condicións e cos medios materiais adecuados.	600 €	2.000 €
--	-------	---------

Quinto.- Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación no B.O.P da provincia de Lugo do extracto da convocatoria.

Lugo, 28 de agosto de 2020.- “O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 26-07-2019 O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón”.

R. 1978

Anuncio

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO EN SESIÓN CELEBRADA O 28 DE AGOSTO DE 2020 POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL NA ANUALIDADE 2020.

BDNS(Identif.):522024

SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL NA ANUALIDADE 2020.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3b e 20.8ª da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións <https://www.pap.hacienda.gob.es/bdnstrans/ge/es/convocatorias>.

Primeiro.- Beneficiarios:

En xeral, poderán solicitar subvencións ao amparo desta convocatoria as entidades culturais ou asociacións (os estatutos deberán recoller eses fins expresamente) legalmente constituídas da provincia de Lugo (enténdase con sede ou delegación social na provincia), adaptadas á normativa vixente, que carezan de finalidade de lucro, que desenvolvan a súa actividade no ámbito territorial da provincia, que os beneficiarios formen parte o conxunto demográfico lucense e sempre que as accións que desenvolvan cumpran o obxecto íntegro destas bases.

Segundo.-Obxecto:

Constitúe o obxecto desta convocatoria a regulación do procedemento aplicable para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva destinadas a entidades asociativas de carácter cultural -con sede ou delegación social na provincia de Lugo- para a realización de actividades culturais na anualidade de 2020, cuxo obxecto social sexa a promoción cultural, e cuxos fins redunden na:

- Dinamización cultural en todas as súas vertentes.
- A potenciación da historia, a música, as tradicións de Galicia e no uso do idioma galego en todas as actividades que se leven a cabo
- Actividades de potenciación do patrimonio material e inmaterial do país.

Non se subvencionarán:

-Aqueles proxectos que se leven a cabo fóra do ámbito territorial da provincia Lugo nos que os beneficiarios non formen parte do conxunto demográfico lucense, (aínda que estean integrados nunha programación global e organizados por unha asociación que teña a súa sede social na provincia de Lugo).

-Aqueles proxectos de carácter deportivo, relixioso, político, militar e- en xeral que sexan corporativos restritivos, xa que o seu fin non é a promoción dos recursos e manifestacións culturais para a poboación en xeral, senón unicamente entre o colectivo dos seus socios e das súas familias (dado que non se trata de asociacións ou colectivos abertas á poboación xeral, senón a membros, familiares e persoas xurídicas vinculadas a un colectivo concreto)

-Quedan expresamente excluídas desta convocatoria as axudas e os gastos para a promoción, fomento e difusión da artesanía, segundo as consideracións "para actividades artesanais" recollidas na Orde do 2 de xuño de 2014 pola que se revisa a relación de actividades artesanais recollidas no anexo IV do Decreto 218/2001, do 7 de setembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de artesanía (Diario

Oficial de Galicia número 185, do 24 de setembro). En consecuencia, non se subvencionarán as accións e actividades artesanais recollidas na referida Orde, de acordo coas divisións e denominacións reflectidas na citada orde.

Quedan excluídos desta convocatoria os gastos de:

- Aloxamento, de hostalaría, comidas e restauración.
- As viaxes culturais que non leven incorporada unha actividade cultural complementaria.
- Os gastos para o desenvolvemento de festas patronais, romarías e eventos relixiosos en xeral
- Os gastos de investimento ou por compra de material inventariable.
- Os gastos correntes para actividades de terapia ocupacional, familiar e de benestar social (técnicas relaxación, talleres de prantas medicinais, elaboracións de xabóns, cremas e outros similares, etc...).
- Os gastos correntes para a actividade extraescolar de inglés.

Terceiro.- Bases reguladoras

A Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección: <http://www.deputacionlugo.gal/gl/a-deputacion/normativas-e-ordenanzas>

Convocatoria de subvenciones en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2020, en: <http://cultura.deputacionlugo.gal/programasesubvencions>

Cuarto.- Contía e importe mínimo e máximo

-Contía: 130.000,00 €

-Importe mínimo e máximo estará comprendido no intervalo establecido na seguinte táboa para cada finalidade:

FINALIDADE	IMPORTE MÍNIMO	IMPORTE MÁXIMO
<input type="checkbox"/> Actividades culturais.	300 €	3.000

Quinto.-Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación no B.O.P da provincia de Lugo do extracto da convocatoria.

Lugo, 28 de agosto de 2020.- O Presidente da Deputación, P.D. Decreto 26-07-2019.- O Deputado Delegado de Promoción Económica e Social

R. 1998